



Covid-19: unha aclaración

Acúsase á **CGT** de mentir por, supostamente, dicir na roda de prensa celebrada durante a nosa concentración na porta deste martes que nas factorías da ría había máis de 200 positivos.

Dixémolo? Non. Pódese comprobar no audio, que está publicado na nosa canle de Teams. Tamén pode comprobarse na web da COPE, que cita textualmente o que dixemos: "o total de casos acumulados pasou de 121 a 213, un incremento do 76% nun mes, mentres que os positivos acumulados pasou, no mesmo período, de 24 a 48, é dicir, unha suba do 100%".

De onde sacamos os datos? Da información que a **empresa** envía ó comité:

Datos do 6 de outubro

ESTADO	NÚMERO DE CASOS POR ESTADO
CASOS TOTALES	121
POSITIVOS TOTALES	24
PENDIENTES TOTALES	5
NEGATIVOS TOTALES	67
CONTACTOS ESTRECHOS	25
NEGATIVOS TOTALES	25

Datos do 6 de novembro

ESTADO	NÚMERO DE CASOS POR ESTADO
CASOS TOTALES	213
POSITIVOS TOTALES	48
PENDIENTES TOTALES	16
NEGATIVOS TOTALES	118
CONTACTOS ESTRECHOS	31
NEGATIVOS TOTALES	31

A **CGT** non minteu. Pero si houbo confusión. De onde veu? De que para referirnos ó número de traballadores que dunha ou doutra maneira se viron afectados pola covid (positivos, negativos, pendentes do resulta-

do dunha PCR) usamos o **mesmo termo** que utiliza a empresa: "**casos**". E algúns medios interpretaron "casos" como "positivos", e transformaron as 213 incidencias en 213 positivos.

Gústanos ser rigorosos e somos os **primeiros** interesados en que non haxa estas confusións. Así que non só o clarexamos, senón que, para intentar evitalas no futuro, deixaremos de usar ese termo.

O problema da pandemia está a crecer nas últimas semanas na nosa comarca e, por tanto, tamén en Navantia, como é inevitable e demostran os datos. O fondo das acusacións contra a **CGT** se deben a que denunciemos que tanto Navantia como as compañías nin tomaron nin están a tomar as medidas **preventivas** necesarias nesta situación. Mentres na sociedade se están aplicando medidas duras (peche da hostalaría, toque de queda, peches perimetrais...), Navantia oponse ó teletraballo, non tomou ningunha medida pensando na ventilación durante o inverno, etc.



Unha empresa, e máis sendo **pública**, ten que pensar tamén nos efectos sociais do que fai ou deixa de facer. Cando a dirección de Navantia se resiste á implantación masiva do teletraballo, está sendo irresponsable tanto desde a perspectiva da saúde dos traballador@s do sector naval como da **saúde pública**, dada a gran concentración humana que hai nas factorías.

A acusación de que mentimos é en realidade un intento de desacreditar estas ideas e as reivindicacións que estamos defendendo. E, de paso, intentar restarlle credibilidade a toda a información que difundimos. Porque o que teñen claro a empresa e os seus afíns é que non imos deixar de **informar**. Para un sindicato **combativo, de clase e asembleario** como a **CGT**, informar ós traballador@s é unha **obriga**.

Control perimetral da IA

Navantia entregou un primeiro informe sobre o control perimetral da IA. No que vai de ano, houbo **363** casos de traballador@s que permaneceron dentro do recinto máis de **70 horas** na mesma semana. Un traballador que fixese esta xornada superarían o límite anual de 80 horas extras en menos de 3 semanas.

As compañías escúsanse dicindo que non é xornada laboral efectiva porque moitos traballadores comen dentro da factoría, polo que hai que descontar o tempo da comida.

Como unha primeira aproximación a esta cuestión, a comisión de Auxiliares do comité está esixíndolle á dirección de Navantia que baixe de inmediato ese límite a **56 horas** semanais. Co nivel de explotación practicado pola patronal das auxiliares, seguro que o número de traballadores que superarían este límite se dispararía exponencialmente.

Hai que loitar contra as xornadas excesivas e as horas extras. Os traballadores e traballadoras temos dereito ó ocio e ó descanso.

Prestamismo laboral

Hai un mes súbóbase que dous traballadores da IA que presentaran unha demanda **gañaron** o xuízo. Navantia tivo que contratalos.

Algunhas bases da sentenza son: os elementos materiais para a prestación do servizo (agás o ordenador) eran de Navantia; as incidencias informáticas se solventaban a través de Navantia, responsable do software que manexaban; os traballadores atendían indicacións de persoal de Navantia, que supervisaba o seu traballo; o disfrute das vacacións necesitaba o visto bo de persoal de Navantia...

A sentenza confirma o que todos sabemos: a subcontratación agocha casos de **cesión ilegal** de traballadores. E tamén considera que houbo un segundo delicto: **violación dos dereitos fundamentais** dos compañeiros por ser despedidos fulminantemente uns días despois de presentar a demanda.

Podemos imaxinar a escena: un responsable de Navantia (¿outra actuación "estelar" de Álvaro Tello como a de Cartagena?) berrando coma un tolo: "Eses dous á rúa pero xa!".

Novos ingresos

- *Prazas de operarios e empregados júnior:*

Hai listas definitivas do exame teórico-práctico de 3 especialidades (Construcións metálicas, Laboratorio e Robótica); a obtención dunha praza só depende xa do recoñecemento médico.

Doutras 3 (Automoción, Deseño en fabricación mecánica e Mecanizado) publicáronse as listas provisorias; as definitivas están pendentes do proceso de reclamacións, que comezará o martes que vén.

Das 3 restantes (Asistencia á dirección, Bacharelato e Mecatrónica) non se publicou ningunha lista; as provisorias están pendentes do que diga o psicólogo famoso, que entrega o seu informe hoxe. O psicólogo pode dicir misa. A **CGT** non vai aceptar ningunha exclusión.

- *Prazas de operarios e empregados sénior:*

O venres pasado rematou o período de inscrición. Segue pendente a publicación dos temarios, que estaba prevista para ese mesmo día.

- *Prazas de universitarios sénior:*

A empresa xa analizou as inscricións en 7 das especialidades. Di que máis do **95%** dos inscrit@s **non cumpren** os requisitos esixidos. A **CGT** xa lle manifestou ó resto dos sindicatos que a nosa opinión é que **tódalas** inscricións excluídas deben ser revisadas polo comité de empresa unha por unha. Como para fiarse da empresa a estas alturas! Ademais, ese choio está subcontratado.

Xa está ben de que Navantia e as compañías, collidas da man, violen os dereitos dos traballador@s. É intolerable que directivos dunha empresa pública **ameacen** a traballadores que se atreven a defender os seus dereitos. É un comportamento mafioso. O actual goberno **non** debería toleralo.

Alegrámonos desta sentenza. Esperemos que anime a máis compañeir@s. Xa hai outra demanda presentada.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte info nas RRSS:

